

ENTREVISTA A MARÍA JESÚS ÁLAVA

Na sección de *Aprendemos Juntos* en El País publícase unha entrevista a M^a Jesús Álava. Sempre teño dúbidas sobre a utilidade de consellos xenéricos nunha situación concreta (en particular cando algo non vai ben). Por outra parte, sempre espero que orientacións xerais como estas non nos desacouguen ou nos fagan pensar que non sabemos criar aos nosos fillos e fillas. Pero nesta ocasión estou disposto a correr o risco porque a entrevistada ofrece algunhas orientacións interesantes, desde o meu punto de vista, que vos poden resultar de interese. En especial quero destacar o emprego do humor e a influencia das reaccións do adulto nos propios nenos e nenas. Déixovos o *link* ao video e á transcripción.

[Ver entrevista a María Jesús Álava](#)